CURSO *ONLINE*

22 setembro - 22 outubro 2014

11ª EDICIÓN!

►CURSO BÁSICO

INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO

A Interpretación do Patrimonio é a "arte" de revelar in situ o significado do legado natural e cultural ao público que visita eses lugares no seu tempo de lecer. (AIP)





Obxectivos

Proporcionar a formación básica a través da adquisición dos coñecementos, destrezas e atitudes necesarias para utilizar a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de comunicación coa fin de entregar unha información temática, organizada, relevante e amena ao público que visita os espazos con valor patrimonial no seu tempo de lecer, e que fomente neles atitudes de aprezo e custodia polo patrimonio presentado.

20 prazas por orden de inscrición
90 € (desconto de 10% persoas socias da AIP)

Destinado a:

A todas as persoas que desexen iniciarse no coñecemento e no uso efectivo da disciplina da Interpretación do Patrimonio: xestores de uso público de espazos con interese patrimonial, persoas pertencentes ao ámbito do turismo, guías intérpretes, educadores ambientais, informadores turísticos, educadores en xeral (educación formal e non formal), etc. En definitiva, este curso está dirixido a aquelas persoas que desexen coñecer e empregar de forma eficaz a valiosa ferramenta de comunicación e de xestión que é a Interpretación do Patrimonio.

Programa

- **Módulo 1 :** Valorar os fundamentos teóricos da Interpretación do Patrimonio como base para o desenvolvemento da tarefa profesional
- **Módulo 2 :** Estruturar a comunicación en torno aos tres alicerces da Interpretación do Patrimonio: coñecemento do recurso, coñecemento da audiencia e coñecemento das técnicas interpretativas
- **Módulo 3 :** Formular ideas clave a transmitir en distintas intervencións interpretativas aplicando os principios metodolóxicos da disciplina
- **Módulo 4 :** Construir mensaxes concretos que xeneren conexións entre os valores do recurso patrimonial que se interpreta e os intereses do público destinatario
- **Módulo 5 :** Evaluar os aspectos básicos das intervencións interpretativas

Organiza

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Imparte

Ambient°arte

Co apoio de

aip Asociación para la Interpretación del Patrimonio

Máis información e inscricións

- www.ceida.org/formacion
- 981 630 618
- formacion@ceida.org

XUNTA DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de Oleiros